

ANEXO I.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO - ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ con NIF 53484719J, como representante legal da entidade CONCELLO DE RIBEIRA titular do centro ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA.

Número de RUEPSS: E-0605 C-1 centro de iniciativa pública

DECLARA RESPONSABLEMENTE :

- 1) Que a entidade dispón de **Normas de Funcionamento** visadas polo servizo de inspección e que están expostas no taboleiro da escola.
- 2) Que a información específica sobre o funcionamento da escola infantil é a seguinte:

A) PRAZO

- a) Para **solicitar a renovación de praza**: 18/02/2026 – 27/02/2026
- b) Para o **pago da renovación de praza (se procede)**:.....
- c) Para **solicitar a reserva de praza de novo ingreso**: .02/03/2026 – 31/03/2026
- d) Para o **pago da reserva de praza (se procede) de novo ingreso**:.....
- e) Para **realizar a matrícula**: 27/05/2026 – 10/06/2026
- g) Para o pago dos **servizos prestados que aboarán as familias**: O período ordinario de pago será de trinta días naturais dende a aprobación e publicación do correspondente padrón, transcorrido o cal, as contías devindicadas e non pagadas serán esixidas mediante o procedemento de constrinximento.

A comunicación de baixas na escola realizarase cun mes de antelación

B) HORARIOS :

Apertura da escola infantil: 7:30 h.

Peche da escola infantil: 21:00 h; agás na primeira quincena de agosto no que pechará ás 15:30 h

Servizo de comedor: dúas quendas entre as 12:00 h. -13:30 h.

Atención ás familias

- Entrevista inicial coa dirección, na data e horario que acorden ámbalas dúas partes previamente. Titorías cas/os educadoras/es reunións trimestrais do grupo: estarán expostas no taboleiro de anuncios os horarios de titorías de cada curso.

C) DESCRICIÓN DA METODOLOXÍA/FÓRMULA DA REVISIÓN DE PREZOS, DATA DA REVISIÓN E DATA DE ENTRADA EN VIGOR (RECOMENDASE A UTILIZACIÓN DO IPC PARA OS CONCEPTOS NON SUBVENCIONADOS)

-Metodoloxía/fórmula: Os prezos e a súa revisión son os establecidos na ordenanza fiscal vixente de acordo aos prezos públicos que determine a Xunta de Galicia.

- A matrícula e a atención educativa será gratuíta para as persoas usuarias, xa que o concello de Ribeira está adherido ao programa de gratuidade da Xunta de Galicia por acordo da Xunta de Goberno.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001A8E5F00E808E3K6C5U5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA
16/02/2026
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/02/2026 13:43:02

EXPEDIENTE ::
2026ESCO000005
Fecha: 03/02/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001A8E5F00E808E3K6C5U5



ANEXO I.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO - ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA

- O custe dos demais servizos prestados (comedor, almorzo, merenda, hora día solto e horario ampliado) serán aboados pola familias mediante a aceptación da domiciliación bancaria á hora de formalizar a matrícula.
- A forma de revisión dos prezos será a establecida pola Xunta de Galicia.
-Data de revisión:.....
- Data de entrada en vigor:.....

D) PERÍODO DE PECHE POR CAUSAS XUSTIFICADAS E DOCUMENTADAS:

Desde	Ata
17/08/2026	31/08/2026

Ditas causas deberán estar acreditadas-polo/a representante legal ou o técnico/a competente

E) O BAREMO PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO DENTRO DO PRAZO ORDINARIO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES É DETALLADO NESTE ANEXO

*(Só se poderán presentar solicitudes para os **nenos e nenas xa nados**)*

As solicitudes de novo ingreso seguirán a seguinte orde de adxudicación:

- 1)Os fillos e as fillas do persoal que preste servizo na escola infantil municipal.
- 2)Os irmáns e irmás dos nenos e nenas que están na Escola Infantil Municipal ou que rematan ese mesmo ano.
- 3)Os/as menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar.
- 4)Solicitudes para nenos ou nenas en que as dúas persoas proxenitoras ou un deles, no caso de familias monoparentais, xustifique unha situación laboral de ocupación.

As prazas que queden vacantes adxudicaránse segundo a puntuación obtida pola aplicación do baremo que se indica:

SITUACIÓN ECONÓMICA

- Inferior ao 30% do IPREM +4 puntos.
- Entre o 30 % e o 50% do IPREM +3 puntos.
- Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM +2 puntos.
- Entre o 75% e o 100% do IPREM + 1 pto.
- Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM - 1 punto.
- Entre o 125% e o 150% do IPREM - 2 puntos.
- Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM - 3 puntos.
- Igual ou superior ao 200% do IPREM - 4 puntos.

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

- Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos.
- Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea a cargo dela :1 punto
- Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia: 2 puntos
- Pola condición de familia monoparental: 3 puntos



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001A8E5F00E808E3K6C5U5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA
16/02/2026
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/02/2026 13:43:02

EXPEDIENTE ::
2026ESCO000005
Fecha: 03/02/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001A8E5F00E808E3K6C5U5



ANEXO I.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO - ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA

- Ausencia do fogar familiar dos dous proxenitores: 6 puntos
- Renova praza ou ten irmáns matriculados ou que solicitan matrícula no centro para o vindeiro curso: 3 puntos
- Pertence a familia numerosa: 3 puntos
- No caso de que o neno/a nacesse dun parto múltiple: 1 punto
- Empadroados en Ribeira: 2 puntos
- Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas (ata 3 puntos)

SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

- Ocupación da nai 8 puntos.
- Ocupación do pai 8 puntos.
- Situación laboral de desemprego da nai 2 puntos.
- Situación laboral de desemprego do pai 2 puntos.

Para a puntuación por desemprego valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego. No caso de familias monoparentais adxudicaráselle a puntuación computando por dous.

Se se produce un **empate** terán preferencia:

- 1) A renda per cápita familiar máis baixa.

F) CRITERIOS DE PREFERENCIA NA ADMISIÓN DO ALUMNADO FÓRA DO PRAZO ORDINARIO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Se houberen prazas dispoñibles ao longo do curso, admitiranse novas solicitudes que serán obxecto de baremación nas segundas quincenas dos meses de xuño, setembro e novembro. No caso de que existisen prazas dispoñibles poderase ampliar o prazo de solicitudes se a comisión de baremación así o considera. So irán baremándose novas solicitudes para os grupos de idade nas que haxa prazas dispoñibles unha vez esgotadas as listaxes de agarda.

Para os ingresos urxentes reservarase polo menos, unha praza por cada grupo de idade. Terán a consideración de ingresos urxentes os seguintes:

- 1º. Nenas e nenos tuteladas/os ou en situación de garda pola Consellería de Política Social e Igualdade.
- 2º. As fillas e fillos das mulleres que se encontren nunha casa de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero.
- 3º. Aqueles outros nos que concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata.

G) OUTRAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO (saúde, hixiene, alimentación, convivencia,...)

ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN

1.1. Xestión e supervisión:

- O centro conta con **cociña propia** e persoal cualificado.
- Todos os menús son **supervisados por un Técnico en Dietética e Nutrición**.
- Os menús mensuais publícanse no taboleiro de anuncios o primeiro día de cada mes.
- Implántase e mantén un **sistema de autocontrol (APPCC)** que inclúe o procedemento de **comidas-testemuña**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001A8E5F00E808E3K6C5U5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA
16/02/2026
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/02/2026 13:43:02

EXPEDIENTE ::
2026ESCO000005
Fecha: 03/02/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001A8E5F00E808E3K6C5U5



ANEXO I.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO - ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA

1.2. Horarios establecidos:

- **Horarios fixos e respectados:**
 - Almorzo: 07:30 - 09:00 h.
 - Comida: 12:00 - 13:30 h (dúas quendas: 12:00 - 12:45 e 12:45 - 13:30)
 - Merenda: 17:00 - 17:30 h

1.3. Normas de xestión e asistencia:

- Usuarios fixos deben avisar con antelación se non van usar o comedor ou merendar, se o fan no mesmo día antes das 9:30 h.
- Para un uso puntual do comedor, é necesario avisar cun día de antelación ou antes das 9:00 h do mesmo día en caso de imprevisto.
- **Non se permite traer almorzo, comida ou merenda de fóra.** Agás biberóns para bebés e as merendas de media mañá que deben cumprir os requisitos do centro.
- As celebracións de aniversarios corren a cargo do centro. **Non se poden levar doces á escola.**

1.4 Dietas especiais:

- Aténdense intolerancias e alerxias con **informe médico.**
- Lactantes: deben traer papas e/ou leite en po, ou lactación materna indicando dose.
- Nova alimentación para bebés debe ser introducida primeiro na casa, informando á educadora por escrito.
- Réximes alimenticios especiais por prescripción médica, debe comunicarse ao centro **antes das 09:30 h.** A dirección estudará a viabilidade.

1.4. Formación do Persoal:

- Todo o persoal posúe **formación en Hixiene Alimentaria e carné de manipulador de alimentos vixente.**

2. HIXIENE

2.1. Hixiene persoal do alumnado:

- Os nenos e nenas deberán acudir a escola en condicións correctas de saúde e hixiene.
- No centro, **o alumnado pode explorar libremente** durante as actividades, mesmo se manchan roupa.

2.2. Protocolos de mudas e vestimenta:

- Cada neno/a de ter **unha muda de reposto** no centro.
- **Toda a roupa e calzado debe estar identificada con nome e apelidos.**
- As educadoras revisan **unha vez por semana** que a muda de reposto está completa.
- **Uso obrigatorio o mandilón do centro**, proporcionado pola empresa xestora.
- Evítase exceso de roupa, roupa de difícil acceso ou accesorios perigosos.

2.3. Hixiene do persoal e instalacións:

- O persoal debe manter unha correcta hixiene persoal.
- Cada traballador/a é responsable de manter o seu posto en condicións óptimas.
- Desinfección, desratización e desinsectización unha vez ao trimestre.
- Colectores hixiénicos especiais dispoñibles para cambios de cueiro.

CONVIVENCIA XERAL E SÁUDE

• Entrada, saída e seguridade:

- **Horario de funcionamento:** de 7:30 a 21:00 h., (primeira quincena de agosto ata as 15:30 h.).
- **Portas abertas en franxas:** 9:00 – 10:00; 12:30 - 13:00; 15:30 - 16:30; 19:00 - 19:30.)
Fóra deses horarios, recollida en porta, cada media hora.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001A8E5F00E808E3K6C5U5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA
16/02/2026
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/02/2026 13:43:02

EXPEDIENTE ::
2026ESCO000005
Fecha: 03/02/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001A8E5F00E808E3K6C5U5



ANEXO I.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO - ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA

- **Período de adaptación personalizado**, progresivo e flexible, co acompañamento das familias, educadora e obxecto de apego permitido.
- **Recollida por terceiras persoas autorizadas por escrito; comprobación de identidade obrigatoria.**
- **Nais en lactación:** teñen libre acceso en horario necesario con espazo habilitado.
- **Vacacións:**
 - Tódolos nenos e nenas deberán desfrutar dun mes de vacacións dentro do curso escolar e tense que informar por escrito ao centro destas vacacións como mínimo cun mes de antelación. Este mes será solicitado preferiblemente nos meses de xullo e agosto en períodos mensuais ou quincenais.
- **Rutinas e hábitos no centro:**
 - Tempo **máximo** recomendado: oito horas, salvo excepcións xustificadas.
 - Fomentas do uso **compartido de xoguetes** e materiais.
 - Rexistamento da violencia; promoción de resolución de conflitos verbal e respectuosa.
- **Obxectos persoais:**
 - **Non se admiten xoguetes persoais**, agás obxecto de apego durante o período de adaptación.
 - **Non se permiten obxectos de valor, os centro non se fará cargo das perdas.**
- **Comunicación coas familias:**
 - **Axenda electrónica diaria**, con información sobre hábitos e actividades.
 - **Titorías mensuais individuais.**
 - **Reunións trimestrais** coas familias.
- **Xestión de Saúde:**
 - **Medicamentos:** só se administraran con receita médica.
 - Protocolo de enfermidade: non poderán acudir cando a súa temperatura sexa superior a 37,5°C ou padezan algún proceso infecto-contaxioso. Deberán pasar 24 horas dende o último síntoma para poder voltar á escola. Recomendamos que non asistan se o seu estado xeral non é bo. A dirección poderá solicitar un certificado médico de non contaxio.
 - **Comunicación obrigatoria de calquera alerxia**, mesmo a produtos non alimenticios.

SEGURIDADE

3.4. Capacitación do persoal e medidas de autoprotección:

- **Plan de Autoprotección:** Implantado e inscrito no Rexistro Autonómico (REGAPE)
- **Formación obrigatoria:** Primeiros Auxilios, Prevención de Riscos Laborais e Plan de Evacuación e Emerxencias do centro
- **Certificacións.** Certificado Negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais para todo o persoal con contacto habitual co alumnado
- **Seguros:** Responsabilidade Civil, Accidentes e Sinistros vixentes.

En Ribeira, a data de sinatura dixital
Sinatura do/a representante legal da entidade



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001A8E5F00E808E3K6C5U5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA 16/02/2026 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/02/2026 13:43:02

EXPEDIENTE :: 2026ESCO000005
Fecha: 03/02/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001A8E5F00E808E3K6C5U5

